

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E OITO
DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE: -----**

EXPTE. NÚM. 202008900

PRESIDENTE:

Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

**Juan Antonio Deza Otero (asist.
Telemática)**

**María Paz Lago Martínez Otero (asist.
Telemática)**

**Daniel Arosa Dasilva Otero (asist.
Telemática)**

María Deza Martínez

**Marcos Guisasola Padín Otero (asist.
Telemática)**

Flavia Besada Otero (asist. Telemática)

Oscar Vilar Sartages (asist. Telemática)

Jaime Leiro Otero (asist. Telemática)

Paula Martínez Santos (asist. Telemática)

**Ainhoa Fervenza Celestino (asist.
Telemática)**

Marta Caneda Prieto (asist. Telemática)

Fernando Otero Montes (asist. Telemática)

**Sandra Fernández Agraso (asist.
Telemática)**

Andrea Ucha Bouzada (asist. Telemática)

Yago Torres Pérez (asist. Telemática)

Vanessa Rodríguez Búa (asist. Telemática)

NON ASISTE:

José Juan Vidal Vilanova (interventor)

SECRETARIO:

Angel Luis López Pita

=====

No despacho da alcaldía e por medios telemáticos a través da aplicación “Zoom” (vídeo conferencia, enlace: <https://us02web.zoom.us/j/88601315478>, sendo as **dez horas e trinta e dous minutos** do día **vinte e oito de decembro de dous mil vinte**. **Baixo a Presidencia do Alcalde TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse, mediante a asistencia presencial ou telemática, os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan con indicación da modalidade de asistencia, co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----



1º) **RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.** A efectos de proceder a xustificar a urxencia da convocatoria desta comisión de sesión informativa, indícase que o convenio para a execución e explotación das actuacións de saneamento e depuración en Poio - Sanxenxo tivo entrada no rexistro do concello o día 21 de decembro de 2020, sendo obxecto e procedéndose á súa tramitación durante o día 22 de decembro de 2020 e, sendo necesario que o acordo poida estar dispoñible para que este convenio se inclúa na Xunta Xeral de “ACUAES”, a celebrar o 29 de decembro de 2020.

En canto ao outro punto da orde do día se trata de efectuar un tramite necesario para proceder á licitación do aluguer de céspede artificial do campo de fútbol de O Revel en Vilalonga, cumprindo os prazos o antes posible para efectuar a licitación e a utilización axeitada do referido campo de fútbol en competicións oficiais, que están próximas a comezar.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Ola. Bos días, comentar, con respecto ao convenio con ACUAES, que, por suposto, se, imos votar a favor da urxencia. Con respecto ao Renting, parécenos que nolo estades metendo un pouco, aquí, a calzador, para poder explicar que se está facendo algo este ano, un tema que cremos que debería levarse en xaneiro, cun tratamento mais de fondo e mais explicado, sobre todo aos veciños, de todas maneiras imos votar a favor porque entendemos que o pleno se vota a favor en conxunto, non?

Non se produciron mais intervencións e o **Sr. presidente** someteu a votación, a ratificación da urxencia da sesión, que foi aprobada por **unanimidade**.-----

2º) **EXPTE: 2020008836: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A SOCIEDADE MERCANTIL ESTATAL “AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, S.A.” (ACUAES) E OS CONCELLOS DE POIO E SANXENXO PARA A EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN POIO-SANXENXO.** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 23 de decembro de 2020.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:

Bos días a todos e a todas, como comentamos na anterior comisión, trátase dun convenio a firmar entre o Concello de Poio e o Concello de Sanxenxo e ACUAES, a Asociación de Augas de Cuencas de España SA. Do que se trata é de mellorar a depuración e o saneamento do termo municipal de Sanxenxo e de Poio, para aliviar a Ría de Pontevedra, como ben vostedes saben, isto foi declarado unha obra de interese xeral, por iso estamos a firmar, bo, a propoñer a firma deste convenio con ACUAES. A obra, que se executaría en dúas fases, consiste na mellora de toda a infraestrutura do saneamento, desde o Concello de Poio ata a depuradora de Paxariñas, a grandes liñas, o principal, sería a ampliación da depuradora de Paxariñas, practicamente unha depuradora nova en Paxariñas, a ampliación do emisario que, nestes momentos, ten 630 metros e pasaría a ter 1300 metros, manteríase, soamente, o emisario terrestre, pero substituíriase o emisario acuático e a renovación de todos os bombeos existentes, desde



Raxó ata Sanxenxo, coa execución dun novo bombeo na zona de Raxó, que recollería toda a zona de Raxó e, tamén, a zona de Dorrón. En principio é un convenio que, como ben acabamos de dicir, distribúese en dúas fases, unha fase primeira e unha segunda, a fase segunda contempla dúas obras diferentes que non aparecen recollidas neste primeiro convenio de xestión directa, serían a través dunha modificación ou dunha addenda a este convenio de xestión, en total estamos a falar de dezaseis millóns de euros, que se investirían no concello de Sanxenxo e de Poio, Sanxenxo asumiría o 65% do 50% do investimento. Poio asumiría o 35% do 50% do investimento e, outro 50% do investimento, sería con cargo a Fondos Europeos, fondos que está a xestionar ACUAES, bo, que neste caso depende do Ministerio de Transición Ecolóxica e, en principio, nada mais.

Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto:

Bos días a todos, dicir que, en principio, tiñamos dúbidas, pero dicir tamén que non estamos en contra de que descargue na nosa depuradora, en Paxariñas, pero cremos que Poio é, senón a gran beneficiaria de todo, a que mais beneficio vai sacar, porque realmente nós, o Concello de Sanxenxo, xa tiñamos a depuradora de Paxariñas e xa vertiamos nós, é verdade que tiñamos moitas deficiencias e, aí estaba a nosa dúbida, tiñamos deficiencias nos nosos bombeos, tanto en Areas como en Nanín, porque, realmente, non estaba ao 100% para coller todos os habitantes que temos en Sanxenxo e mais en verán e tiñamos moitas dúbidas, se xa había vertidos por culpa de cando marchaba a corrente, por exemplo e había mal tempo, pois se tiñamos vertidos directamente nas praias, por iso, revisando ben o anteproxecto que fixo aquí ACUAES, vimos que se, que se ían a modificar todos os bombeos que temos, todo pola nosa costa, desde Raxó ata Paxariñas e cremos que iso se que é o que nos beneficia a nós, que realmente, aínda que a obra vai ser de moito custo para Sanxenxo, pero vai quedar toda esa zona do saneamento toda nova e imos intentar corrixir, con esa obra, todos os problemas que xa temos, que é o mais importante para min, por iso, nun principio, imos votar a favor; porque cremos que esas obras que van facer, van ser moi beneficiosas nun futuro para nós e, agora mesmo, tiñamos moitas carencias con elas.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto:

Bos días, eu, neste tema, quero manifestar que, efectivamente, o problema que existe en canto ao saneamento, eu creo que é unha discusión que leva anos latente entre Sanxenxo e Poio en concreto, creo que a obra é necesaria, pero creo que a obra é necesaria polo ben da ría e polo ben dos veciños de Poio, sobre todo, que os veciños de Sanxenxo, evidentemente, vanse ver beneficiados pola obra, é certo, pero nunha medida moi inferior ao que entendo que se vai ver beneficiado, por exemplo, neste caso, o Concello de Poio. O Concello de Poio, dicíase que a porcentaxe que se establece dun 65-35%, faise en base a un custo de oportunidade, eu creo que o custo de oportunidade debería ser maior, porque isto se lle resolve un problema real e inmediato e de fai tempo a Poio, cousa que, en Sanxenxo, vai mellorar a situación, pero non temos ese problema, polo ben da ría, que nos afecta a todos, evidentemente, hai que facer algo, pero isto, a quen lle está solucionando a papeleta, por dicilo de algunha forma, é, sobre todo, a Poio e, por tanto, entendo que nesa porcentaxe que se establece entre os dous Concellos, debería ter moita mais importancia esa cuestión e, por tanto, entendo que esa proporción que se fai entre o que ten que asumir o Concello de Sanxenxo e o Concello de Poio non



responde á realidade do custo de oportunidade que para cada un destes concellos ten a importancia desta obra. Por outro lado, tamén quero dicir que estamos ante un convenio que nos vai vincular durante 25 anos, estamos a falar dunha obra dun custo de dezaseis millóns de euros, para o que se remite un convenio o día 21 de decembro, que temos que estar hoxe aprobando, para poder optar aos Fondos Europeos antes de que remate o ano. Unha vez mais e, neste caso, supoño que é culpa de mais administracións, non só do Concello de Sanxenxo, temos que decidir en moi poucos días, horas, cuestións que nos van a vincular durante tantísimo tempo e, nese sentido, quero deixar claro que coincido totalmente coas observacións que por parte dos técnicos do Concello fanse con respecto a este convenio. Para min, despois da lectura dos documentos, tanto do convenio como dos informes, dos informes, refírome tanto aos de ACUAES como aos dos técnicos do Concello, entendo que hai unha serie de cuestións que non quedan claras no convenio e que, no futuro, poden xerar problemas ou, como mínimo, unha inseguridade que a min, agora, me impide dar o meu beneplácito total a este convenio, eu se entendo, como dicía antes, que a obra é necesaria, creo que é mais necesaria para outros que para Sanxenxo, pero entendo que é necesaria, pero tamén entendo que a envergadura do proxecto que estamos a falar necesita ir coas máximas seguridades e eu entendo que agora mesmo, o convenio que estamos a tratar adoecen dunha serie de cuestións que quedan non esclarecidas e que poden xerar problemas no futuro, como, por exemplo, a cuestión da exención do IVE, que se é certo que iso sería unha cuestión que se expoñería dentro de moitos anos, pero se temos outras mais cerca, tamén a exención do IBI, que tamén se expón por parte do interventor, que é unha obriga que estamos a asumir no convenio e, ao mellor, non podemos chegar a cumprir, que pasaría se despois non puidésemos cumprir esa premisa? Consideraríase un incumprimento do contrato que permitiría que ACUAES modificase os termos? Podemos confiar en que ACUAES, é o Estado e non vai prexudicar a Sanxenxo? Eu confiar en vontades, en política, non o vexo claro, entón creo que estamos a falar dunha cuestión o suficientemente importante como para que quede totalmente claro e, a min, o convenio que estamos hoxe aprobando, xérame unha serie de inseguridades en canto ao IVA, ao IBI, en canto á forma de recuperación de eses terreos o día de mañá por parte do Concello, non sei se queda claro se será o uso, a propiedade. En canto á rebaixa, dise que, inicialmente, cando se falaba desta cuestión, comentámolo antes na comisión, falábase de que os Fondos Europeos farían unha inversión do 60% e, o 40%, sería asumido inicialmente por ACUAES e logo, evidentemente, polos Concellos de Poio e Sanxenxo teríamos que devolverlle eses cartos, ese investimento, por dicilo de algunha maneira. Agora, por unha cuestión técnica, parece ser que os Fondos Europeos só poderán ser o 50% e, por tanto, ese 10%, nun principio cárgase, por dicilo de algunha forma, nos dous concellos. Tamén se nos comentaba por parte do goberno actual de vostedes que hai a posibilidade de que ese 50% se aumente no futuro, pero é que, se aumenta no futuro, tampouco queda claro que esa proporción vaia reverter na porcentaxe que está a asumir o Concello de Sanxenxo, porque, noutro sitio do convenio, dise, textualmente, que se hai unha modificación pois viría a minorar a porcentaxe de ACUAES, non a do Concello, por tanto, unha vez mais, o que parece dicir o convenio non coincide co que inicialmente se falou, que se, que se poden facer addendas e cambiar as cousas, pero as addendas son voluntarias e, se ACUAES despois non acepta esa addenda nós non temos forma de obrígalos, entón neste sentido queremos deixar constancia de que hai unha serie de “flecós”, por dicilo de algunha forma, que entendo



que pola présa e por estar a tratar con ACUAES, que poñerá unha serie de condicións, pois non se poderán concretar, pero eu entendo que xeran unha inseguridade que pode, no futuro, xerar problemas ao Concello de Sanxenxo e impídeme dar o beneplácito ao texto, como está agora mesmo redactado.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Bo días a todos e a todas, este, efectivamente, é un convenio a tres bandas, debería ser a catro, pero é a tres bandas, Concello de Sanxenxo, Concello de Poio e ACUAES, desde logo, tristemente, se para alguén non é favorable, destas tres bandas, a nivel económico, é para o noso concello, para o Concello de Sanxenxo e dicía que ten que ser a catro bandas, porque a administración competente nesta materia, a administración que é a súa obriga o saneamento da ría, descarga toda esta obriga nos concellos, a Xunta de Galicia nin está nin se lle espera, ela é que ten a obriga do saneamento da ría, ela é quen, noutros concellos, fai este tipo de infraestruturas ou dá unha parte para este tipo de infraestruturas e, aquí, neste caso, non pon un só euro, cal é a aportación da Xunta? Cal é a aportación de Augas de Galicia, que é o organismo que ten a Xunta de Galicia neste problema, estamos os concellos a substituír as obrigas de Augas de Galicia, as súas obrigas e os seus compromisos. Noutros concellos, como dicía, por exemplo en Soutomaior e noutros mais, é a Xunta quen se fai cargo disto ou, polo menos, quen axuda e minora a carga que teñen os concellos en algo que, ademais, vai levar moitísimos millóns de euros, que a suma vén ser vinte e cinco millóns de euros, estamos a falar de moitísimos cartos e, como antes dicía a compañeira, Vanessa Rodríguez, non queda claro, aínda moi ben, o tema das porcentaxes, porque se queda claro que antes era o 60% os Fondos Europeos e, agora, xa é o 50%, de ACUAES non é o 50, que é o 40, outro 10% queda para o tema dos concellos pero, aínda por encima, se hai mais cartos da Unión Europea, tampouco queda claro que iso vaia a reverter nos concellos, senón que vai diminuír o de ACUAES. Na presentación pública que tiveron vostedes do proxecto, o mesmo día a Xunta anunciou que descoñecía totalmente o proxecto, algo que nos parece increíble, o ano pasado foi a propia Xunta a que declarou esta depuradora de interese xeral do Estado, pasando a pelota a outros, despois de tantísimos anos sen facer, o único que facía era confrontación entre os dous concellos, neste último ano, ben o Ministerio, ben ACUAES e, a pesar de todas as discrepancias que houbo, consegue un acordo, pero ben o Ministerio, ben ACUAES, realmente, non financia absolutamente nada, que a xente non se pense que vai financiar nada, o Ministerio, o Goberno de España non financia un euro, simplemente fai un anticipo a conta, é dicir, que todos os cartos que nos vai deixar agora ACUAES, hai que devolvelos a 25 anos e, quen os vai pagar? Teñen que ter ben claro que son os veciños e veciñas usuarios de esa depuradora, nos 25 anos, todos eses vinte e cinco millóns de euros, son os que van a pagar, tanto os veciños de Sanxenxo como os veciños de Poio, restándolle o que poida vir da Unión Europea. Desde logo, a nós, o que non nos parece normal, é que os conflitos que teña a Xunta con ACUAES veñan a provocar un detrimento dos veciños e veciñas de Sanxenxo, porque o que nos creemos, o primeiro paso que debe facer o Concello de Sanxenxo, unha vez firmado este convenio, é que a Xunta debe entrar, incorporarse, se ou se e de maneira inmediata e poñer o que nos corresponde nesta depuradora, para así minorar o custo para os nosos veciños, que son, como dicía, os que van a pagar todo isto. O que tamén votamos en falta no informe é un estudo de calculo financeiro previo, de canto vai subir o recibo aos veciños usuarios, é dicir, sabemos cantos veciños hai



usuarios, de agora, da EDAR de Paxariñas e, sería sinxelo para os técnicos do concello, facer este estudo financeiro, a verdade é que votamos en falta no expediente que non se nos diga isto, que vai repercutir nos nosos veciños para votar nós, tamén, votar moito mellor en consecuencia. Neste convenio, nós tamén compartimos moitas das apreciacións que fai, tanto a intervención xeral do concello, como tamén a secretaría, unha, que votan de menos, como nós, tamén, que non haxa outro pagador e que vaia toda esa porcentaxe a pagar ao concello, con cargo aos usuarios; queda ben claro no informe de intervención que non poden ir a cargo das arcas públicas do concello, que teñen que ser os usuarios desa EDAR quen o pague. Tamén intervención non atopa xustificación a eses trinta e dous mil euros, desa especie de canón que lle temos que pagar a ACUAES durante todos eses anos, nós tampouco lle atopamos xustificación absolutamente ningunha, cremos que non temos porque pagarlle eses cartos a ACUAES, sendo do Ministerio, tamén estamos de acordo en que esta obra non debe levar IVE e que, moito menos, ese IVE teña que pagalo integramente o Concello de Sanxenxo, sobre todo para poder recuperar os terreos, que despois de trinta anos deberían volver revertir cara nós, que iso pon o informe do secretario, que non queda claro de que maneira vai revertir, porque debería haber un acordo, unha mutación demanial e non está recollido no propio convenio. É dicir, que este convenio ten moitísimas eivas, que esperamos que sexan solucionadas canto antes, se é certo que estamos de acordo en que isto vai a mellorar, non podía ser doutra maneira, unha vez que nos vai ao peto, que vai a mellorar os bombeos, tamén estamos de acordo que isto, en clave medioambiental, vai a ser o mellor que pode pasar, pois non é o mesmo un emisario no medio da ría, tanto se fose, como se falaba de Pampaido, como se fose no Laño, non é o mesmo un emisario no medio na ría que un emisario cara o exterior, cara mar aberto, un emisario, como dicía María Deza, de 1.300 metros de lonxitude, que mesmo vai en superficie, pero logo, tamén, vai en profundidade, a mais de 10 metros, que pode chegar aos 25 metros, iso vai provocar que a contaminación sexa mínima e non esquezamos que hai aberto un procedemento sancionador da Unión Europa pola contaminación das verteduras que hai na ría de Pontevedra, un expediente sancionador ao Estado, por tanto iso hai que solucionalo, polo ben da nosa ría, polo ben do marisco, polo ben dos nosos sectores produtivos, entón se que estamos de acordo na ubicación, se que estamos de acordo en que todo iso ten que ser mellorado, pero o que non estamos de acordo é que todo vaia en cargo dos veciños usuarios, evidentemente hai administracións que deben poñer cartos, o Ministerio non pon un peso e, aínda por encima, cóbranos unha especie de canón e, a Xunta de Galicia, non aparece por ningún lado, por tanto, se que esperemos que iso teña arranxo, que a Xunta esperte e que axude o mesmo que axuda a outros concellos, ademais teñen o mesmo cor política, non entendo como o señor Telmo Martín non conseguiu que a Xunta poña un tanto por cento para facer esta EDAR.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Mais ou menos os aspectos técnicos fóronse falando ao largo xa destes minutos e creo que son cuestións moi puntuais, que deben ser tratadas directamente polas persoas técnicas que están realizando os proxectos. Con respecto ao prezo que estabamos a falar, que lle vai a custar, que lle vai incidir aos veciños, cremos que é un prezo que está xustificado polo gran beneficio social que vai repercutir en todos nós, non só vai ser un gran avance no medio ambiente, no respecto ao medio ambiente, ademais isto vai



repercutir positivamente na nosa economía, porque non nos podemos esquecer que o Concello de Sanxenxo vive do turismo principalmente e que é a ría, é o noso principal medio de produción económica para este Concello. Eu penso que, ademais, poñerlle taxacións a ese tema, económicas, é complicado, cando estamos a falar dun ben social común para todos, a ría non ten fronteiras e onde sae a porcallada vai afectar a todos, igualmente aféctanos a saída que ten a depuradora de Placeres, porque esta depuradora, agora mesmo, que xa non é unha depuradora; simplemente é unha decantadora, ten a súa saída, directamente, un pouco mais adiante de Tambo, isto aféctanos a todos. Por tanto, que haxa un emisario fóra da ría, o mais lonxe da ría, é fundamental para o desenvolvemento económico e medioambiental da nosa comarca, por tanto, eu creo que se, que temos que estar de parabén, esta vez e creo que, como dixo unha vez xa o señor Telmo, veunos deus a ver, pero neste caso non é deus, chámase Pedro Sánchez, viste de vermello e trae as chaves para que se poida facer realidade un proxecto que era moi necesario para esta comarca, tivo que vir o Partido Socialista, por encima de todas as cores políticas, para poder levar a cabo unha actuación que o señor Telmo, neste caso, non foi capaz de mediar coa Xunta de Galicia, eu non sei se é porque xa nos fallaron os cromos para poder intercambiar desta volta, agora xa non temos nada con que terxiversar aí, con que manobrar, entón, a Xunta decidiu pasar os fondos económicos que deberían axudarnos a todos os veciños e veciñas para que fose menos custoso, neste caso, aos nosos petos, decidiu darllo a Noia, a Ribeira, a outros sitios, onde consideren que eles van conseguir unha alternativa, un troque, por dicilo de algunha maneira. Na última comisión, despois de preguntarlle, fíxonos moito graza, eu creo que nos fixo graza a toda a oposición, cando comentou, evidentemente, que chamara á Xunta para pedirlle un 10% das obras, do custo e, a Xunta, decidiu que non era interesante para nós que fose así. Por tanto, eu creo que vou facer unha chamada a eses veciños intelixentes, que vostede dixo que tiñamos, o outro día, neste concello, que eu dou por feito que se, que son moi intelixentes e que se apunten que a Xunta decidiu investir ou vai decidir investir noutros sitios e, tamén, está a eludir todo tipo de responsabilidades, como poden ser a depuradora de Placeres ou na depuradora da EDAR de Meaño, porque son depuradoras que están baixo a súa responsabilidade e que deberían facer fincapé, eles, en que funcionasen e, realmente, non estivésemos, permanentemente, contaminando as nosas rías.

Sra. Deza Martínez:

Empezando por isto último que acaba de dicir a señora Fervenza, que diga vostede que veu Pedro Sánchez a salvarnos ten graza, cando esta obra foi declarada de interese xeral nos presupostos de Mariano Rajoy, non nos presupostos de Pedro Sánchez, é mais, naquel momento, o Estado tiña previsto aportar fondos nesta obra, neste momento, xa o dixo a señora Fernández, o Estado non aporta un céntimo, entón, ten graza que vostede diga que veu Pedro Sánchez a salvarnos, cando non poñen un duro, é mais, nos cobran os trinta e pico mil euros, que dicía a señora Fernández, pola súa xestión, pola súa intermediación, estamos de acordo en que teñen que cobrar pola intermediación, pero mire vostede, non veña a dicir que nos veñen a salvar cando non poñen un peso. Respecto ao tema da Xunta, mire, isto foi declarado unha obra de interese xeral, co cal é unha obra que, no seu caso, quen tería que poñer cartos é o Estado, que non está a poñer un duro, non a Xunta de Galicia, pero que é mais, a Xunta de Galicia está en negociacións co Goberno de España noutras obras de depuración e



o Goberno de España non está a poñer cartos tampouco nestas obras de depuración, está a poñer a Xunta de Galicia, entón non veña aquí a dicir que o goberno actual, vestido de vermello, salva patrias porque, neste momento, realmente, o único que están a facer e levar cartos por unha cuestión que non tiñan que levar un peso, ao contrario, terían que poñer e non poñen nada. Por outra parte, respecto ao tema de que se Poio é mais beneficiario que Sanxenxo, nós entendemos que non, acaba de dicilo moi ben, tanto a señora Fernández como a señora Fervenza, un novo emisario na Ría de Pontevedra non sería bo para o Concello de Sanxenxo, entendemos que o mais beneficioso para o Concello de Sanxenxo, é ampliar a depuradora de Paxariñas, é ampliar ou renovar o emisario xa existente, tanto para o noso concello como para as nosas praias, consideramos que unha depuradora no Concello de Poio non nos beneficiaría en absoluto ao Concello de Sanxenxo, pero que, ademais, teño que dicirlles que examinen ben o estudo técnico que se lles facilitou coa documentación do pleno, nese estudo técnico pon dúas pinzas, é dicir, nós conseguimos que o Concello de Poio puxese a pinza mais amplía, o 35%, cando o Concello de Poio non tería que chegar a esa cantidade, pero nós, debido ás negociacións que tivemos ata o momento de agora, conseguimos que o Concello de Poio asumise ese 35%, que inicialmente non lle correspondería e que, ademais, os servizos técnicos do seu concello, non están para nada de acordo en que asumisen ese custo. Respecto a se incumprimos o tema do contrato ou non, vou contestando cuestións que viñeron expoñendo, sobre estas cuestións que mencionou a señora Rodríguez de senón abonan o IBI, como o interventor puxo de manifesto, terían que solicitar os informes da dirección xeneral de tributos, temos que dicirlle que non, é dicir, non habería un incumprimento de contrato, xa vén no propio contrato recollido que se podían facer todas as addendas necesarias, pero é que, mire, é mais, este é un convenio que o Estado de España está a asinar, non só no Concello de Sanxenxo e Concello de Poio, está a firmar por todo o territorio nacional e é unha premisa dos convenios desta índole, eles asumen a titularidade de explotación, pero non abonarían o IBI e vén así recollido legalmente, ademais, entón, entendemos que non habería un incumprimento de contrato. Respecto á forma de recuperación que manifestaron tanto a señora Fernández como a señora Rodríguez, teño que dicirlles que bo, comentámolo antes, que na paxina dezanove do noso convenio, fala da recuperación do ben, é dicir, non estamos a falar da recuperación do noso ben, porque o noso ben segue sendo da nosa titularidade, é dicir, nós temos uns terreos na depuradora de Paxariñas que seguen sendo do Concello de Sanxenxo, nós, o único que facemos, é polos a disposición de ACUAES, para que ACUAES execute a obra, o que se tería que reverter despois, se os concellos consideráseno oportuno, é a nova instalación, a nova depuradora, xunto cos terreos que expropiarían, neste caso o Estado de España, para poder ampliar a depuradora existente neste momento, nese caso se que estamos a falar de que no propio convenio falan de que se tramitaría o respectivo procedemento e que, unha vez abonadas todas as cantidades por parte dos dous concellos, a entidade receptora, que pode ser o Concello de Sanxenxo ou ben unha mancomunidade entre os dous concellos, solicítase que se lle pasase a mans dos concellos esa explotación. En xeral consideramos que é un convenio moi beneficioso para os veciños e veciñas de Sanxenxo, consideramos que é unha obra totalmente necesaria para a recuperación da Ría de Pontevedra, da cal tamén bebe o Concello de Sanxenxo e, neste caso, teño que dicir que consideramos que é algo que non podemos deixar escapar, que é necesario para este concello asinar.



Sr. Torres Pérez:

Brevemente dicir que, seguramente se fará, pero por se acaso, dicir que, nunha obra deste calado, haberá que facer unha comisión de seguimento da obra, para evitar males maiores e digo eu que sobrecustos e posibles cousas a mais que teña que ir a obra, polo menos, desde o concello, sabelo e controlalo un pouco, para evitar estas cousas.

Sra. Rodríguez Búa:

Eu creo que, o que acaba de manter a concelleira Deza, non fai mais que referendar o que viña eu dicindo inicialmente, se no propio convenio xa se está a expoñer que, no futuro, se necesitará facer addendas, que, para que se entenda, non deixan de ser engadidos, modificacións ao convenio que, evidentemente, como xa dixen antes, son voluntarias, se ACUAES non as quere facer, non ter porque facelas e, o feito de que no propio convenio se estea a dicir, continuamente, que se poden facer addendas, é porque, efectivamente, hai cousas que quedan inconcretas e, esas inconcrecións, son as que xeran inseguridade, son as que, no futuro, poder xerar problemas e, entendo, volvo a repetir, que nun proxecto de dezaseis millóns de euros, que nos vai a vincular durante un mínimo de 25 anos, non poden quedar eses flocos, non poden enviarnos un convenio o día 21, para que o aprobemos o día 28, con esas puntualizacións, moi concretas, que quedan no aire, porque ademais, se vemos o convenio, as cousas que a ACUAES lle interesan, esas se quedan concretadas, as que nos interesan aos concellos, non tanto, agora, as que lle interesan a ACUAES, esas se quedan concretadas. En canto a capacidade de negociación e xestión, é evidente, é moi criticable, como se está a facer neste pleno, porque, efectivamente, unha obra que desde fai moitísimo tempo sabemos, mais que unha obra, un problema, que sabemos que hai que afrontar, que agora se lle pretende dar solución con esta obra, que debería implicar a moitas mais administracións das que están implicadas, pois o que se negociou por parte do actual goberno é que nin a Xunta participa, nin o Estado pon un euro e aínda, por encima, solucionámoslle a papeleta a Poio e pagamos, nós, unha porcentaxe moi elevada desa obra, por tanto entendo que a xestión e discutible tamén, en calquera caso, o que mais me preocupa, é, sobre todo, o tema da inseguridade, que hai que facer algo é evidente, pero os termos no que se concreta este convenio, sigo mantendo que me xeran unha inseguridade, que entendo que non debe existir nun proxecto desta envergadura e desta importancia.

Sra. Fernández Agraso:

A mín, a verdade, é que me ofendeu un pouco esa frase da señora Deza, ao comentar de *“se examinan ben o expediente”*, creo que sabe perfectamente como nos foi entregado este expediente, xa iniciada a comisión, sabe perfectamente que, ou polo menos desde o BNG, estudamos concienzudamente o expediente, porque na reunión de voceiros que tivemos antes de este, quedaron claras, mesmo erratas que tiña o convenio e que quedaron emendadas coa reunión anterior, por tanto, creo que demostramos que miramos concienzudamente, como dicía, todo expediente, desde o principio ata o último, porque estamos a falar de trinta anos, estamos a falar que a suma das dúas fases, aínda que agora esteamos a aprobar a primeira, queda pendente a segunda do Consello de Ministros, pero que seguramente vaia adiante, estamos a falar de vinte e cinco millóns de euros, por tanto é a nosa obriga e o noso deber estudalo concienzudamente e, entón, sabe perfectamente vostede que se foi, ou polo menos por parte do BNG, mirado dunha punta a outra. Cando nós falamos e quero que quede claro,



cando nós falamos de que o van a pagar os veciños/usuarios, dáonos igual o concello, estamos a falar, tanto de Sanxenxo como de Poio, quero dicir que vai ir con cargo aos veciños, que da outra maneira, pagando a Xunta, tamén vai con cargo aos veciños, pero aos veciños de toda Galicia, cousa que tamén pasa nas outras depuradoras dos outros lados, pero, aquí, pásanos como sempre, pásanos coas garderías, pásanos co Centro de día, pásanos con todo, somos os mais campións do mundo e, mentres, noutros lados, as administracións fanse cargo das infraestruturas. das competencias que teñen esa administración, aquí non, aquí só os veciños usuarios e iso non é unha boa negociación, esa é unha mala negociación, a ver cando se nos mete na cabeza, que nos, tamén, temos que facer uso dos cartos de todos os galegos e galegas, como fan o resto dos concellos e, logo, xa e eu síntoo moito, pero non só a Xunta non está a poñer un peso, que quede claro, tamén, que o Ministerio non pon un só peso, o que nos fai é un préstamo, é un préstamo a trinta anos, co cal, tamén, se saca trinta e dous mil euros que, por certo, tanto o servizo de intervención como nós mesmos, non sabemos moi ben a santo de que, trinta e dous mil euros anuais que hai que pagarlle ao Ministerio por xestionar todo isto, por xestionar non sei, debe ser contratar as obras, e se, se vai a facer cargo da expropiación, vai facer cargo de parcelas, non de pagalas, que quede claro, vai facer cargo da tramitación, pero non de pagar todo iso, o Ministerio non pon un só peso e eu, o que dicía como xestión, e que se as administracións superiores, tanto Xunta como Ministerio, non poñen un só peso e todo vai a cargo dos veciños de Sanxenxo e de Poio, na medida-porcentaxe, que hai un estudo aí, para mirar que medida e porcentaxe é duns e doutros, onde está a xestión? Onde está o beneficio económico para Sanxenxo? O beneficio xeral, en canto aos elementos, sabémolo, o beneficio de que os bombeos van a mellor, evidentemente, con vinte e cinco millóns de euros, tamén é normal, o beneficio de que imos ter, practicamente, unha depuradora nova en Paxariñas, sabémolo, o beneficio de que o emisario vai ser cara mar aberto e iso medioambientalmente é o mellor que nos podía pasar, tanto a Poio como a Sanxenxo, como aos do outro lado da ría, iso é innegable, desde logo é a mellor localización, moito mellor, como dicía, que Pampaido, que Laño ou en Rabo de Porco, onde sexa, porque, evidentemente, un emisario de 1.300 metros, que vai a profundidade, que vai verter cara fóra, cara mar aberto, moitísimo mellor que na ría e non só pensando no turismo, pensando no turismo, nós que estamos aquí, nas mariscadoras e en todo o mundo, porque nos estamos cargando o planeta, entón, todo o que veña nese aspecto, estamos totalmente de acordo, agora, que foi unha boa xestión e que Sanxenxo non sae beneficiada economicamente, tamén, que as administracións competentes deberían poñer cartos, pois evidentemente, dáme igual, o convenio faise a catro bandas, non será o primeiro que se fai, de feito a Xunta quería que ACUAES, noutros lugares de Galicia, entrase e facer convenios a catro bandas, porque non se pode facer en Sanxenxo? Que é iso de que a Xunta, como está ACUAES e como, efectivamente, pasouse, como eu dixen, a nivel estatal, agora non pode entrar? Será o primeiro convenio que se fai a catro bandas? Non, de feito, noutros lados, a Xunta quere que entre ACUAES, pois aquí, que entre a Xunta e que poña cartos, para minorar os cartos que teñen que pagar os veciños/usuarios, me da igual calquera concello, aquí, os que están prexudicados, son os veciños, tanto de Sanxenxo como de Poio, na porcentaxe que lles tocou e na porcentaxe que está no informe e iso é o que nos dicimos, que as administracións competentes deben poñer cartos, pero non estamos a negar o bo que ten que esta depuradora se aumente, se dimensione, para poder limpar a ría e nun futuro, previsiblemente, tamén poder limpar a Ría de Arousa, polo menos no tramo,



que Sanxenxo tamén ten ría de Arousa, en canto a Vilalonga e Noalla. Como é a última intervención, o que nos mete medo son as declaracións do señor Martín, cando isto presentouse, esas declaracións que fixo e que teño eu aquí, que estaba moi contento, que dixo que nos veu deus a ver, a ver, non sei a quen e que isto permitiría triplicar a poboación do Concello, isto, señor Martín, méteme medo, vindo de vostede mete moito medo, polo demais imos votar en clave medioambiental, imos votar en clave pensando o mellor para a nosa ría, mesmo por encima, case, dos intereses dos veciños e veciñas, que se van a ver prexudicados para pagar, non só estas infraestruturas, senón tamén ese canón de trinta e dous mil euros anuais, que non sabemos a conta de que, pero bo, imos votar a favor.

Sra. Fervenza Celestino:

Eu creo que estamos a caer todos, aquí, nun erro de vulto, ao intentar dicir que o Estado non é o que está a investir nesta nova depuradora, entón, se os Fondos Europeos, neste caso, non son unha decisión política, unha vontade política duns cartos que son subvencionados a un Estado para poder facer actuacións, non sei de que estamos a falar. Por suposto que estamos totalmente beneficiados por unha actuación, neste caso, senón, a PO-308, quen é o que a pagou? Non a pagou a Xunta? Quen a pagou? Pagouna a través da Unión Europea, con fondos que estaban aí, por tanto, igual que, unha vez, o señor Martín me corrixiu a min, dicíndome que os fondos que veñen da Deputación, a través do Plan Concellos, son fondos que están en mans do concello, exactamente o mesmo é isto, é unha decisión política do Estado, que puxo o ollo nunha necesidade imperiosa e medioambiental nesta comarca, por suposto que estamos beneficiados, estamos beneficiados nun 50% pola Unión Europea para poder facer esta obra, o resto vai pagar entre todos, pero se, estamos beneficiados. Aquí existen responsabilidades que outras administracións non están a levar a cabo, non me estou referindo agora mesmo á depuradora, senón a todo o que é o saneamento, se todos fixésemos cargo das nosas actuacións e fósemos igual de eficientes, o señor Martín ten que facer, en cuestión de tres anos, un investimento de tres millóns e medio en servizos de saneamento público, este concello, ten, aínda, setecentas vinte e seis vivendas que lle faltan este tipo de saneamentos, se todos fósemos igual de efectivos e eficaces á hora de facer as nosas actuacións, se cadra, non estaríamos, despois de vinte anos, falando de que este concello ten setecentas vinte e seis unidades familiares sen servizos públicos, que son a súa responsabilidade pública, por tanto, feitos son amores e, que eu saiba, entramos a gobernar no Estado en xuño de 2018 e, o 3 de xullo de 2018, declarouse de interese xeral nos presupostos, a mellora de depuración no saneamento de Sanxenxo e no saneamento de Raxo, o 21 de outubro de 2019 fíxose o proxecto de mellora da depuración e, agora, mañá, vai asinar un convenio que nos vai permitir ter unha ría saneada, ou sexa que, non teño nada mais que dicir.

Sra. Deza Martínez:

Home, señora Fervenza, xa empezando polo último, parece mentira que me diga vostede isto, xa ía nos presupostos, é dicir, os presupostos que xa estaban tramitados polo goberno do señor Rajoy, isto é un erro de vulto, como vostede di. Respecto ao que dicía Sandra, non sei se me expliquei mal ou me entendiches mal, non me refiro a que non examinases ben o expediente, refírome a cando Vanessa facía alusión a que entendía que Poio poñía poucos cartos, porque poñía o 35%, referíame a que no estudo técnico viñan dúas



alternativas, a iso referíame, non me refería a que examinásedes mal, simplemente dicía que había dúas alternativas e que conseguimos que Poio puxese a alternativa mais beneficiosa para o Concello de Sanxenxo, que era que aportase o 35%, ademais, estas alternativas veñen fundadas nun criterio técnico, non é algo que se nos ocorrese aos concellos de súpeto, este é un estudo que fixeron os técnicos de ACUAES e, a esa porcentaxe, chegou grazas aos estudos que fixeron os técnicos de ACUAES e, tamén, os técnicos do Concello de Sanxenxo, nunha valoración das nosas infraestruturas preexistentes. Respecto a que lle pagamos a papeleta a Poio, mire, non podo estar en mais desacordo, vostedes teñen que ser conscientes en que a depuradora de Paxariñas é unha depuradora municipal, tarde ou cedo, esa depuradora ten que ampliarse, é unha obra necesaria para o Concello de Sanxenxo, non soamente pola carga futura que poida haber debido ao aumento poboacional, senón tamén pola carga existente nestes momentos, en épocas de máxima afluencia no noso concello, é unha obra necesaria que, senón partísemos deste convenio, se ou se, o Concello de Sanxenxo tería que facela. Pero mire, é que esa declaración de interese xeral, que veu no presuposto de Rajoy, volvo a insistir, non no presuposto de Pedro Sánchez, fai que esta obra tivese, tamén, que ser financiada polo Estado de España e, por moito que diga vostede que os Fondos Europeos son unha decisión política, non mire, é unha decisión que vén derivada da declaración de interese xeral, non é que ao Goberno de España ocorréselle, de súpeto, que vai destinar os fondos a isto, non, é que tiña que destinalos a isto, os fondos europeos ou os fondos estatais, porque, ao facer a declaración de interese estatal, non lle quedaría outro remedio. Respecto ás incorreccións que di Vanessa, que por iso di o das addendas, non mire, falámolo antes, na anterior comisión e non sei se o comentamos, tamén, na comisión doutro día, cando falamos das addendas, xa queda, de feito, recollida unha, na cal está a traballar ACUAES, na modificación segunda do convenio de xestión directa, que estamos agora mesmo pendentes de aprobar, fala da segunda fase da obra, que xa falamos, que é a fase que contempla a reparación ou renovación de toda a infraestrutura da Avenida de Madrid e o bombeo de Laño, no Concello de Poio, isto xa vén recolleito que se vai facer a través dunha addenda, xa vén como un acto de vontade por parte do Estado de España e, así, vén recolleito, independentemente do que dicía Sandra, que é así, que ten que estar aprobado polo Consello de Ministros, entendemos que é un convenio, volvo a dicir, moi beneficioso para o Concello de Sanxenxo, entendemos que é unha obra moi necesaria para o Concello de Sanxenxo, que, de todas todas, nós tiñamos que facer e que consideramos que, grazas aos fondos europeos que veñen para esta obra, aforrámonos, enténdanme ben, entre comiñado, o 50% dun investimento que, nun futuro, teríamos que realizar, se ou se.

Sra. Fervenza Celestino:

Imos a ver, ás veces hai bombas de fume tamén, incluíuse nos presupostos iniciais, pero non se lle adxudicou ningunha dotación económica, por tanto, era como cantos de sirena.

Sr. Presidente:

Breves cousas. En primeiro lugar, eu creo que, gobernase quen gobernase en Poio e, gobernase quen gobernase en Sanxenxo, este é un boísimo acordo para todos, non soamente para Poio e Sanxenxo, senón, en xeral, para todos e ben o explicou a señora Fernández, porque a Ría de Pontevedra, non vou dicir que está en perigo, pero se é verdade que creo que lle temos que empezar a dar moito mais cariño do que lle demos



ata o da agora, non polo ben do turismo, senón polo ben, en se, da sustentabilidade, do medio ambiente, pescadores etc. etc.. Pero eu diría catro puntos importantes que ten este convenio, o primeiro é o tema do emisario, como ben se dixo, non é o mesmo un emisario en mar aberto, como explicou a señora Fernández, de 1.300 metros de longo, ou sexa, dobra ao que temos agora mesmo e que vaia a mar aberto e, por tanto, iso é moi beneficioso para nós. Outro tema importante é que a depuradora de Paxariñas, propiedade municipal, nós teriamos que ampliála, tardariamos, un, dous, tres ou catro anos, pero haino que facer xa, porque non está nas mellores condicións para facer a depuración que corresponde. Outro tema importantísimo é, á parte de mellorar a depuración, é mellorar todos os bombeos que veñen dende Raxo, desde a praia da Granxa de abaixo ata o bombeo de Portonovo, todos se melloran coa trituración, etc. etc., e iso é boísimo, tamén, para nós. Despois, outro tema, que non é menos importante, é que eu creo que Sanxenxo pasa a formar parte da excelencia dos concellos, que non creo que haxa moitos en Galicia, en tratamento de augas residuais, que non é unha cuestión menor, eu creo que a cuestión menor é se o Goberno de España puxo cartos, que se a Xunta de Galicia pon cartos, ao final os cartos poñémolos os cidadáns, pagando os nosos impostos e, neste caso, creo que está bastante profundado no estudo, que a parte que lle toca a Sanxenxo, pois a debe pagar Sanxenxo e os veciños teñen que ser conscientes, igual que cos residuos do lixo, hai que ser moito mais responsables, porque claro, aquí falamos moitas veces e non nos damos conta que, no tema, por exemplo, do lixo, a SOGAMA pagámoslle case un millón de euros ao ano polo lixo que xeramos, polo peso, porque lle pagamos por peso e, hai veciños, teño que dicilo así, persoas irresponsables, que botan nos contedores de lixo, residuos que non tiñan que ir a eses contedores e non saben que, despois, temos que pagar todo iso. Pois eu creo que non é cuestión de meternos, agora, a discutir de se a Xunta se, ou non, a Xunta leva posto moitos cartos aquí, porque lle dicimos sempre que cada vez que se inviste un euro en Sanxenxo, non se inviste, soamente, para os veciños que vivimos en Sanxenxo ou que estamos censados en Sanxenxo, senón para moitos veciños que teñen aquí a súa segunda residencia, que non son de aquí, ou veciños que veñen aquí a pasar uns días, pero iso non é o importante, o importante é pasar a excelencia dos que melloran ou tratan de facer as cousas mellor de cara ao medio ambiente, saben vostedes que hai catro pilares fundamentais para a sustentabilidade ou para mellorar o medio ambiente, que son: a enerxía, o tratamento dos residuos, como dixen, o tema das comunicacións, por vía terrestre, loxicamente e, como non, o tratamento, que estamos a dicir, das augas residuais, por tanto, eu creo que é un día de parabéns para todos os veciños de Poio e Sanxenxo e, o que temos é que mirar de cara o futuro, facer as cousas o mellor posible, estar, como dicía a señora Rodríguez, moi esixentes con ACUAES, a través do convenio, porque é verdade que os convenios se asinan e haberá que facer addendas, seguramente mais de unha, ata o final de este proceso, que será, alá, polo ano 2024, e que todos os que temos responsabilidades públicas, que somos os dezasete concelleiros que estamos, que formamos parte da Corporación de Sanxenxo, estar moi atentos e moi vixiantes e controlar todo isto e eu creo que non hai outra cuestión, é unha cuestión boa para todos, en vez de andar con temas de que se uns ou outros, quen o fai mellor ou quen o fai peor, eu creo que gobernase quen gobernase aquí e, gobernase quen gobernase en Poio, habería que facer isto igual, entón eu podería agora meterme noutras cuestións, que isto saben vostedes que vén de fondos europeos, do proxecto 2014-2020, que o Concello de Sanxenxo tratou nos anos 2015 e 2016 de levar isto para adiante e,



ao final, non se levou e, despois, no ano 2017, empezamos estas negociacións e acabaron en bo porto agora e non podían acabar no ano 2021 e, senón lle dimos antes o expediente e que nos tamén tivemos moitos problemas para moitas cousas, que isto non foi fácil, chegar aquí, pero o importante é como termina isto e o importante é como comezan agora, as obras, cantos antes e que poidamos desfrutalo canto antes porque é bo para todos.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 01 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar o convenio entre os Concellos de Poio e Sanxenxo, coa Sociedade estatal “AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, S.A. (ACUAES) para a execución e explotación das actuacións de saneamento e depuración en Poio e Sanxenxo, conforme ao borrador que tivo entrada no Concello de Sanxenxo o día 21 de decembro de 2020, co número 2020012187.

SEGUNDO: facultar o Sr. Alcalde, Telmo Martín González, para a sinatura do borrador do convenio citado no punto primeiro deste acordo.”-----

3º) EXPTE. 2020008139: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DOS LIMITES TEMPORAIS DO GASTO PLURIANUAL DO ARRENDAMENTO, MEDIANTE RENTING, DO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FUTBOL DE O REVEL-VILALONGA. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 23 de decembro de 2020.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:

Este é un asunto que, como ben acaba de anunciar o señor secretario, tratase da instalación do céspede artificial do campo de fútbol do Revel, mediante Renting, como xa comentamos na comisión, ten que vir a pleno pola duración deste contrato, que chega a sesenta anualidades, se a duración fose inferior aos catro anos, non tería que vir ao pleno, pero, por ser así, ten que vir. Simplemente é un contrato para a renovación do sistema do céspede no campo de fútbol, que entendemos que está moi deteriorado e, como saben vostedes, a federación de fútbol mais a Xunta de Galicia tentan, de algunha maneira, reactivar toda a actividade deportiva na Comunidade Autónoma e, por tanto, consideramos que é preciso facer dunha forma extraordinaria e urxente a súa renovación.



Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto:

Dicir que isto é unha demanda veciñal, que xa leva un par de anos pedíndoa, a forma de pago? Bo, a forma de pago, todos sabemos que as cousas valen os cartos, este grupo de goberno ten maioría absoluta, decide como facer o pago, seguramente, se houberse cartos nas arcas municipais, pois non se faría un renting, iso tamén vén debido, se cadra, a unha mala xestión, que se están a gastar cartos noutras cousas, por exemplo en Rocafort, que non se debería e, noutras cousas, para min mal xestionados, os cartos van para alí e non para estas cousas. Facer o renting? Nada, iso e cousa do grupo de goberno, ten a maioría e decide facelo así. É unha necesidade que hai agora mesmo no campo de fútbol do Revel, é unha demanda veciñal, é moi importante para evitar lesións, está a haber lesións, agora mesmo non, polo Covid, porque está todo parado, pero cando volvamos a arrincar, o campo está en fatal estado, habendo moitas lesións de moitos nenos e nenas que xogan ao fútbol e dicir que o concello ten responsabilidade de que este campo, en tan poucos anos, teña este estado, é verdade que eu diría que, desde o concello, desde a Concellería de Deportes ou desde a persoa que teña que levar isto, terá que ter unhas reunións e unha serie de normas que cumprir, cos clubs que xogan aí, que non é un só, non é o Vilalonga, son varios clubs de todo o concello, para manter estas instalacións adecuadamente, porque é verdade que, ata este momento, pasouse un pouco por encima, olímpicamente, deste tema, non hai mantemento nin responsabilidade e, agora, collemos todo isto como está, por iso digo que imos votar a favor, porque é unha demanda veciñal e é importante. A forma de pago é unha decisión do grupo de goberno, pero se queremos que se faga algo, unha reunión, un convenio, algo cos clubs, que se responsabilicen do estado das roturas e de todo o que se fai, non que se rompan as cousas, abandónanse as cousas, non hai mantemento e, en pouquiños anos, isto, que tiña que durar mais anos, rompe todo, non só no Revel, tamén a nivel dos outros dous campos municipais que temos.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto:

Creo que somos todos conscientes do mal estado do campo de fútbol de Vilalonga, efectivamente, é unha cousa que xa veñen reclamando desde fai tempo, pero sobre este tema quero matizar dúas cuestións. Primeiro, unha que xa non é a primeira vez que se trata e que creo que non está de mais lembrar, que independentemente de que hai que preservar as instalacións e o que temos no concello, tamén hai que ter en conta que o fútbol non é o único deporte que se practica neste concello, se valoramos a proporción dos cartos que o Concello de Sanxenxo lle dedica ao fútbol e ao resto dos deportes, pois, evidentemente, non hai punto de comparación, por tanto, creo que neste sentido é importante lembrar que se debería fomentar, tamén, a practica doutros tipos de deportes, ademais do fútbol. En canto a outra cousa que quero comentar relativa a esta cuestión, é, efectivamente, como xa comentaba o anterior concelleiro, a forma de pago, estamos a falar dun custo de trescentos mil euros que, evidentemente, son moitos cartos, pero non debería ser unha cantidade tan elevada para, supostamente, o bo estado que o señor Telmo Martín se enche de dicir, cada vez que pode, que ten as arcas do Concello de Sanxenxo. Que esta operación, de tan só trescentos mil euros, téñase que financiar cun renting a cinco anos, é indicativo de moitas cousas e, unha delas, é que, efectivamente, non estamos tan ben como se quere parecer que estamos, sobre todo, tendo en conta, que a opción do renting pódese defender, pois que é mellor, que o mantemento non sei que, se desde o inicio xa necesita tanto mantemento, pois se cadra,



a opción deste tipo de céspede, tampouco é a mellor e, en calquera caso, aínda que o fose, o que debería facer, para ser xustos, o grupo de goberno actual, se quere facer un financiamento a prazos que o faga, pero dentro do seu prazo de goberno e non comprometer ao concello de cara o futuro por unha cuestión que, inicialmente, non debería ser así. Se quere asumir este proxecto, debería facelo con cargo as arcas de Sanxenxo que, segundo o señor Telmo Martín, están moi ben e, senón están moi ben, que comprometa a súa lexislatura, pero non o futuro do Concello de Sanxenxo, hai operacións que, evidentemente, teñen que ir a mais anos, porque teñen unha envergadura que non se pode asumir nunha lexislatura, como é, por exemplo, o que estabamos a falar da depuradora de Paxariñas, pero aquí estamos a falar dunha reposición dun céspede, senón somos capaces de asumir unha reposición dun céspede nunha lexislatura, pois, entón, hai un grave problema aí.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Antes, ao principio, dicíanos a rectificación de levar este punto na orde do día de hoxe e, a nós, parécenos o día súper indicado, o día dos inocentes, porque isto ten que ser unha inocentada, porque pagar trescentos mil euros, que para unha persoa particular é un mundo, pero nun concello onde se manexan os datos e os cartos que se manexan, pagar trescentos mil euros, a sesenta meses, cinco anos, isto, sinceramente, ten que ser unha inocentada, propoñer esta medida de goberno que exceda, como moito, o período da súa lexislatura, algo que é mantemento puro e duro, o que debería facer vostede, se quere facelo por renting, fágao por renting, fágao como queira, efectivamente vostede decide a maneira de pagalo e de gastar os cartos públicos de todos, pero cingase aos meses do seu mandato, porque, como sempre vén facendo vostede, compromete a gobernos posteriores con temas que, desde logo, pódese pagar perfectamente ou se debería poder pagar perfectamente, nos meses do seu mandato, incluso, no mesmo ano se me apuro. Entón, no momento que están a comprometer gastos por unhas vías mais que cuestionables, por unha cantidade de tempo totalmente cuestionable, desde logo é que isto non hai por onde collelo. que é necesario este céspede? Se. Que provoca moitísimas lesións, sobre todo nos xiros de xeonllo e demais? Tamén é certo. Que leva moito tempo, que se, que, como dicía vostede, moita culpa é dos usuarios, pero, desde logo, o concello tamén ten moita culpa de deixar todos estes anos sen mantemento, tamén. Que eses céspedes requiren un mantemento para que estean ben, en boas condicións, pero trescentos mil euros en cinco anualidades, é que iso é unha barbaridade e á parte que está a comprometer vostede a gobernos posteriores, seguramente vostede está a pensar en que vai quedar vostede, pero, se cadra, soa a fruta e non, e non está vostede e, ao mellor, téñeno que asumir, como tivemos que asumir nós, cando chegamos, moitas cousas de gobernos pasados. Entón, algo de trescentos mil euros, sinceramente, creo que se pode cinguir perfectamente a súa lexislatura e, se pasa como a mesma vez que puxeron, por primeira vez, o céspede no Revel ou en calquera outro campo, resulta que vai estar deteriorado antes o céspede, antes de que acabemos de pagalo, porque pasou así. Cantos anos hai que se puxo ese céspede? Cantos anos hai que ese céspede está mal? Cantos anos pasaron desde que se puxo o céspede no campo de Noalla e xa estaba mal? Canto tempo pasou? Duran mais os pagos que o propio céspede, entón, isto parece un cachondeo. E, como dicía a señora Rodríguez e nós, tamén, o temos aquí anotado, non se esqueza e sempre o dixemos, ademais, que existen mais deportes que o fútbol, o fútbol é uns dos deportes, pero non é todo o



deporte, por tanto, invistamos, tamén, noutra clase de deportes, que, ademais, mesmo para as mulleres, o fútbol é mais minoritario e, hai outro tipo de deportes, nos que se poden fomentar o deporte feminino neles, á parte do fútbol. Entón, digamos que nos imos a abster pola necesidade, que fai falta o céspede, pero, desde logo, infumable e totalmente unha inocentada que un céspede de trescentos mil euros haxa que gastar cinco anos e outra lexislatura mais, para poder pagalo, pero aí está a cuestión e díxoo vostede, o renting non computa débeda e díxoo vostede, mais cousas irán por renting, porque así non computan débeda e, aí está a cuestión, cando non computa débeda, entón podemos seguir gastando mais. Entón, esta maneira de facer as cousas, esta maneira de xestionar as cousas, desde logo, non é a maneira que nós levamos a cabo nos dous anos que tivemos, non é a maneira que levaríamos a cabo de estar, creo que ten que cingirse na súa lexislatura, gastar os cartos que ten dispoñibles na súa lexislatura.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Non soamente é o que estamos a falar de que sexa un renting, senón que, eu ben lembro, aquela plantilla que nos entregaron en novembro de 2019, na cal había, xa, unha partida dedicada ao céspede do Revel e esa partida desapareceu, agora temos que acudir a un renting, porque esa partida se volatilizou, non sabemos onde está, igual que tantas outras dese orzamento que nos deron, ficticio, anal, fume, fume, fume, vendendo, vendendo, igual que isto, para min, non deixa de ser, tamén, unha especie de marketing político, porque aquí hai dúas formas de facer as cousas neste Concello, unha é publicar a mesma noticia corenta veces nas noticias de Sanxenxo, na páxina web do Concello, que aparece cando se lle ocorre a idea, cando fala con fulanito, cando ten unha idea para o contrato, cando o volvemos a reconstruír, agora imos pedir unha subvención e, así, permanentemente, ata que ao final faise o non se fai esa obra, como pasou co campo de fútbol de Dorrón e, de súpeto, válenos o mesmo diñeiro para Gondar, para O Santo, ou sexa, permanentemente, temos campaña publicitaria gratuíta a través da paxina web do concello, é marabilloso. A outra forma é non contando nada, escurantismo absoluto, non dicíndonos porque, agora, para que é agora, con que idea, é a forma de manobrar deste concello. A min, gustaríame que o señor Arosa nos explique quen se vai encargar do mantemento, supoño que nesa reunión que tería xa coa directiva do Vilalonga, explicándolle perfectamente como se vai facer ese mantemento, xa se puxeron de acordo en que parte fai o concello e cales non, porque bo, tamén temos que ter en conta que en todas as directivas dos campos de fútbol, á parte da súa familia, o seu traballo, o seu que facer diario, encárganse das responsabilidades que elude directamente o concello á hora de encargarlles todo o que é o mantemento, a responsabilidade dun campo de fútbol público, igual que a piscina é pública, que a biblioteca é pública, igual que os centros cívicos e culturais son públicos, e aí temos persoas para levar a cabo certas funcións que son responsabilidade do concello, nos campos de fútbol non, por tanto, estas persoas que se dedican nas directivas, voluntariamente, a favor do deporte, porque lles gusta o deporte, porque están comprometidos con algo que lles implica, encárganse de cousas como levantamento de arquetas, limpeza de vestiarios, que teñen que facelo as directivas dos propios clubs, facendo todas esas funcións, incluído o de bedel e de organización de campos. Entón, a min, gustaríame que o señor Arosa nos explique en que condicións se lle explicou, neste caso ao club de Vilalonga, como



se vai executar o mantemento, tanto como o peiteado, o regado, etc, do novo céspede do Revel, por agora nada mais.

Sr. Arosa Dasilva, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Bos días a todos e a todas, imos ver, sobre o mantemento que di Ainhoa, nós tivemos varias reunións cos clubs e chegamos a un acordo de que, ao final, é o concello o que vai asumir o mantemento dos campos, sempre involucrando ás directivas de cada club, que son os usuarios da mesma instalación, non como ata agora, que cada un entraba e saía, facía e desfacía as cousas, ao seu antollo, entón agora non, agora imos involucrar ás directivas todas nas funcións de mantemento dos campos, á hora de ter unha responsabilidade sobre todo o que poida acontecer nos terreos e mais no seu vestiario. E, despois, en canto a peiteado e todo iso do céspede, o vai asumir o concello en colaboración coa Depuración, porque cada dous meses a Deputación está a mandar as súas maquinas, sempre que nós requirímosllo, a facer o mantemento do peiteado e todo isto.

Sra. Deza Martínez:

En alusión ao criterio de oportunidade ou non, de que sexa a través de renting ou non, evidentemente, o Concello de Sanxenxo, ten moito mais pulmón para poder asumir ou non que sexa por renting, co referente, co que dicía a señora Fernández e a señora Fervenza. Non obstante consideramos, porque non é aquí no primeiro concello que se fai esta modalidade para o céspede dos campos de fútbol, é unha modalidade que nós, realmente, descoñecemos, pero consideramos que é unha boa modalidade, por iso traémola hoxe aquí, neste pleno. Respecto a se quedan pendentes para outros gobernos ou non, dixo Sandra “eu creo que o alcalde pensa seguir gobernando”, pero bo, iso é unha cousa que non vén ao caso, pero respecto á modalidade, entendemos que unha modalidade totalmente factible e que, de feito, se está a facer así en moitos outros concellos, consideramos que é unha necesidade urxente, díxoo, creo, que o señor Torres e a señora Fernández, é unha cuestión totalmente urxente, saben que neste concello temos o club Interrías que, neste momento, está a adestrar e competindo e que consideramos que, en calquera momento, podería utilizar esas instalacións e entendemos que, moitas veces, esas necesidades veñen derivadas das necesidades inmediatas, como pode ser, neste momento, pola reactivación da competición.

Sra. Rodríguez Búa:

Simplemente deixar claro que, neste punto, imos abster, non porque non esteamos de acordo coa necesidade de repoñer o céspede, que creo que niso coincidimos todos, senón, como xa dixemos antes, pola forma coa que se pretende afrontar o pago de esa partida.

Sr. Presidente:

Señora Fernández, sendo de Vilalonga hai que explicalo moi ben, hai que explicar moi ben esa abstención.

Sra. Fernández Agraso:

Se se, sobre todo lembro cando foi un grupo de subvencións, onde ía, tamén, cincuenta mil para o campo de San Pedro e nós, creo que nos abstivésemos, polo todo que fose



toda a subvención, que non lle desen a outros e demais e houbo quen se encargou de dicirlle ao club que era que eu non quería o céspede para San Pedro.

Sr. Presidente:

Eu non fun, desde logo.

Sra. Fernández Agraso:

Se se, alguén do goberno. Entón, efectivamente, di María: “é a maneira mais factible”, home, non o vai ser, trescentos mil a cinco anos, iso é marabilloso, por suposto, pero os que veñen detrás, despois, a pagar o que vostedes deciden agora, factible? Se. Ético? Non. Cuestionable? Totalmente. Entón, claro que é factible, claro, non computa débeda, efectivamente, ía nos orzamentos, xa non o utilizan nos orzamentos, non sei onde utilizaron todos os cartos que ían para cousas dos orzamentos e que non se fixeron, entón non se onde estarán metidos eses cartos, porque, aínda por encima, non houbo festas, non sei, a ver, onde van eses cartos. Onde van? Evidentemente, nun millón trescentos que ten a familia Rocafort, iso é onde van, pero bo, en fin, como iso, tampouco nós queremos pagalo, pero pagar hai que pagalo, porque manda unha xuíza. Nós tamén queremos aproveitar, unha, iso, a abstención é porque nós, se aquí vén un renting dos meses que vostedes están a gobernar, votamos a favor, hai que repoñer o céspede, hai que poñelo en condicións para poder xogar, pero, desde logo, non estamos para nada de acordo co renting a cinco anos, sesenta meses, é unha barbaridade, evidentemente non podemos votar a favor diso, imos abster. O que se queremos aproveitar para darlle os parabéns aos tres clubs do concello, porque, aínda que o señor Louzán se empeña en comezar agora o tema, moi responsablemente, decidiron non comezalo e nós, desde logo, darlle os parabéns pola responsabilidade, porque sabemos que isto, seguramente, lle trae problemas, seguramente isto lle trae moitísimo mais traballo, pero é unha maneira responsable para coidar a saúde, tanto deles, como logo, de todo e de cada un dos pobos onde pertence ese club, por tanto nós se queremos darlle os parabéns por esa responsabilidade.

Sra. Fervenza Celestino:

Eu, aquí, voume fiar do meu concelleiro, de Fernando Otero, que me di que o céspede, a Deputación, está a peitealo unha vez ao ano, non cada dous meses, así é normal que se nos estraguen todos os investimentos dunha maneira extraordinaria, botar balóns fóra e dicir que a culpa é dos clubs e das persoas que queren exercer deporte, o seu dereito a exercer deporte neste concello, en instalacións públicas, responsabilidade do concello, responsabilidade súa, de que se manteñan en orde. A sorpresa nosa, señor Arosa, é falar co club de Vilalonga, coa executiva e que nos digan que non teñen nin idea de que se vai a executar esta obra desta maneira, ni cando, nin onde, que nalgunha reunión con outros clubs, que non tiñan nada que ver, en absoluto, con isto, comentouse que, se cadra, se ía facer esta actuación, tamén saíu en prensa, de aí a ter unha reunión con eles, explicándolle como vai ser o proceso de mantemento, como vai facerse, quen se vai a encargar, de quen é a responsabilidade, iso non existiu, iso é unha mentira, entón falemos con propiedade, cando eu preguntolle que lle dixo o club con respecto ao mantemento e quen se vai facer cargo de todas as actuacións necesarias para que ese céspede siga en boas condicións de uso, é ao que me estou referindo, non a unha reunión con outros clubs, no que se faláron outro tipo de temáticas que non están neste



tema. O que debemos facer é facilitar o traballo a estas directivas, que son persoas moi comprometidas co deporte e sen as cales, probablemente, non habería deporte de ningún tipo neste concello, porque se ben é certo que aquí non hai investimento para nada, nin para outro tipo de deporte que é fundamental, nin para o fútbol que é, neste caso, o principal, o mais usado pola maioría das persoas.

Sr. Arosa Dasilva Otero:

Imos ver, sobre que teño que manter unha reunión co club de Vilalonga, non estou totalmente de acordo, porque a instalación é municipal, é para todos os clubs e creo que mantivemos reunións con todos os clubs interesados nas instalacións municipais e non en concreto co Vilalonga, porque o mantemento non vai ser só para o Vilalonga, vai ser para todos os que utilizan a instalación, utilízaa o Vilalonga, utilízaa o Libertad, utilízana os veteranos e teñen que implicarse todos, non só o Vilalonga, non teño que ter unha reunión co Vilalonga para darlle directrices de como ten que manter unha instalación, van sobrados sabendo como ten que mantela. Despois, gustaríame tamén, que se algún concelleiro que forma parte do fútbol do Sanxenxo, pois tamén que se informase un pouquiño, nós, cada vez que necesitamos o mantemento do campo, chamamos á Deputación, despois, que a Deputación nolo mande nun ano ou seis meses, é cousa de Deputación, non é cousa nosa, os escritos están aí e, senón, poden pedilos, que seguramente llos facilitasen. Sobre o mantemento do Revel, vai ser igual que os dos demais, seguiremos mandándolle os correos á Deputación para que pase a máquina cando necesitemos e cada club vai ter que implicarse moito mais do que fixo ata agora, non digo que os clubs non se implicasen, pero digo que as cousas hai que coidalas, sabemos agora que custan os cartos facelas, saen dos veciños todos, está claro. O campo é necesario, é unha demanda, como dicía Yago, veciñal, é unha cousa necesaria, sobre todo polas lesións, utilízano sobre douscentos rapaces mensualmente e diariamente. Entón, eu creo que é unha demanda que hai que levar a cabo, é súper importante facelo.

Sr. Otero Montes, concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Bos días a todos e a todas, simplemente que o señor Arosa sabe perfectamente que o peiteado se fai unha vez ao ano, normalmente cando acaba a competición e que os clubs, algúns, no caso do Vilalonga, por exemplo, non vou poñer o caso do Sanxenxo porque son parte interesada, pero se que se fan cargo do mantemento as directivas, o concello pouco fai e ti o sabes ben, Dani. Ou sexa, que o único que quero dicir é iso, é que oxalá se peiteasen dúas veces ao mes ou cada dous meses, da igual, pero unha vez a o ano, sabelo, porque ti es deportista e sabes que o mantemento do campo, así, non se pode levar.

Sr. Arosa Dasilva:

A directiva do Vilalonga, que dis ti que se fai cargo do mantemento, non, faise cargo do mantemento o concello, neste caso os veciños todos, porque cada vez que hai que cambiar unha luz, hai que facer un arranxo e tal, faio o concello, non o fai o Vilalonga, o Vilalonga, no campo de San Pedro de abaixo, se, no de arriba, non.

Sra. Rodríguez Búa:

Na miña intervención de antes esquecinme que quería lembrar que segue pendente, aínda,



o tema do pavillón de Nantes e gustaríame que se lle dese unha solución canto antes, nun pleno urxente ou no que queriades, pero canto antes.

Sr, Presidente:

Xa lle contesto eu, señora Rodríguez, xa que ninguén quere falar nada mais, mire, dúas cousas. Unha, creo que houbo unha mala interpretación entre o señor Otero e o señor Arosa, teño que dicilo así, porque a señora Fervenza dixo unha cousa e o señor Arosa, Concelleiro de Deportes do goberno e o señor Otero, da oposición, estaban a falar do mantemento e eu creo que a señora Fervenza se refería a porque non se lle avisou ao Vilalonga de que iamos facer isto hoxe, entón vouno explicar eu, porque o Vilalonga, con razón, leva reclamando, desde fai moito tempo, que se lle cambiase o céspede do campo de fútbol municipal e nós consideramos que iso xa se lle dixo que se ía facer neste ano que estamos, aínda sen rematar e non se puido facer por outros motivos. Entón, é verdade que non se lle dixo que ía ser polo modelo de renting, pero iso é o menos importante, o mais importante e que ninguén o falou, nin o señor Arousa, nin o señor Otero, nin vostedes e vouno explicar eu, é que o céspede vai ser un céspede que están a utilizar os campos de fútbol, tanto do Barcelona como do Real Madrid, os dous equipos, digamos que mais grandes de España, entón, digamos que é un céspede de última xeración e, senón, xa o verán e iso é o importante, o mais importante é a calidade do céspede, non como se pague, que ten que ver como se pague, se se vai pagar con cartos igual dos veciños de Sanxenxo, durante os cinco anos, van pagar os veciños de Sanxenxo, é verdade e punto. Non entramos mais en cuestións, eu creo que rematamos aquí e punto. E teño que dicir a segunda cousa, que é, mire, o modelo de renting para este tipo de cousas e para mais cousas que imos a facer, é un modelo tan bo que moito me temo que pronto o van a cortar, é un modelo boísimo, porque o Concello de Sanxenxo podíase endebedar agora ata quince millóns de euros, mais ou menos e non o imos a facer e podíamolo facer, que é o que di a señora Fernández, oia como non computa a débeda non é o seu problema, é bo que non compute débeda, pero por outros temas, non por iso e a señora Fernández que di que é un tema boísimo, trescentos mil euros pagados desta maneira é unha marabilla, pois claro que é unha marabilla e, por iso, estamos a estudar de aplicalo en mais cousas, dentro do que poidamos. O tema de dicir que non se faga un investimento, que non se pague dentro da próxima lexislatura, eu creo que iso, entón, tiñamos que facer unha paréntese todas as administracións, porque iso é inviable, falouno a señora Rodríguez, referente ao que acabamos de aprobar no anterior punto, pero en moitas mais cousas, por exemplo, os coches da Policía Local, que non sei se saíu na prensa ou non, vanse facer por renting, loxicamente, os coches da Policía Local, que antes non se podían facer, porque é un tema moi delicado e podémolo explicar outro día, pero hai mais cousas que creo eu que imos a ter que facer por renting e por tanto, o que lles quero dicir, é que, o que hai que facer, é que os cartos dos veciños, que pagamos os veciños cos impostos e coas taxas, empregalos da mellor maneira posible e con responsabilidade, que é o que estamos a facer neste goberno. Desexarlles a todos unha boa saída e mellor entrada de ano e pedirllas perdón por se houbo algún quecemento no pleno, porque son temperamental e este maldito ano 2020 quero deixalo atrás, sen nada de nada.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:



Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 06 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

****Autorizar de forma excepcional a que este contrato na súa modalidade de arrendamento mediante renting, para o “subministro e instalación, mediante renting, do céspede artificial e do sistema auxiliar de rego por aspersión no campo de fútbol municipal de O Revel, en Vilalonga”, se extenda a 60 meses máximo de duración, afectando ás anualidades futuras 2022, 2023, 2024, 2025 e 2026, con carácter máximo, dependendo de se o gasto é aprobado no exercicio, 2020 ou 2021, (esta circunstancia, a mais posible).-----**

Sendo as doce horas, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

